

ÍNDICE:

1. CONTIDOS	páx.2
2. RELACIÓN DE ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE	páx.3
3. METODOLOXÍA	páx.9
4. AVALIACIÓN	páx.13
5. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	páx.16
6. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.	páx.17
7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	páx.17
8. PLAN LECTOR	páx.17
9. DATOS DO DEPARTAMENTO	páx.19

1.CONTIDOS, SECUENCIACIÓN.

<i>Primeira aval</i>	Bloque 1.As lecturas da paisaxe. As súas dimensións tipolóxicas Bloque 2. A paisaxe como produto social. Dinámicas e cambios nas paisaxes. A súa evolución
<i>Segunda aval.</i>	Bloque 3. O carácter das paisaxes. Os seus valores tanxibles e intanxibles
<i>Terceira aval.</i>	Bloque 4. Paisaxe e calidade de vida. Un dereito da cidadanía

Esta temporalización é orientativa e poderá cambiar en función da evolución do curso.

2. RELACIÓN DE ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE

Paisaxe e Sustentabilidade. 1º/ 2º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
PRIMEIRA AVALIACIÓN				
Bloque 1.As lecturas da paisaxe. As súas dimensións e tipoloxías				
1. b 2. g 3. h 4. n	5. B1.1. Dimensión perceptiva das paisaxes. As paisaxes a través dos sentidos. Paisaxes vividas: fotografadas, relatadas e as paisaxes sonoras.	6. B1.1. Recoñecer a capacidade das paisaxes de xerar emocións individuais e colectivas.	7. PSB1.1.1. Elabora bosquexos e debuxos sinxelos a partir da observación nunha saída polo contorno. 10. PSB1.1.2. Expresa por escrito as sensacións experimentadas e o seu aprecio estético.	8. CAA 9. CCEC 11. CCL
12. b 13. f 14. h	15. B1.2. Fisionomía da paisaxe. — Elementos visuais nas paisaxes: liñas, formas, volumes, texturas e cores. — A súa composición escénica. — Transcendencia da escala na análise.	16. B1.2. Identificar e describir os atributos visuais dos elementos presentes nunha escena paisaxística e os principais trazos da súa composición, segundo a escala.	17. PSB1.2.1. Describe as propiedades visuais (formas, cores, texturas e volumes) que caracterizan os principais obxectos dunha escena paisaxística, tendo en conta a escala.	18. CCL 19. CMCTT
20. b 21. e 22. f	24. B1.3. Paisaxe: manifestación formal das dinámicas antrópicas e naturais a diversas escalas espaciais e temporais.	25. B1.3. Recoñecer e caracterizar os elementos da matriz biofísica que conforman a estrutura dunha paisaxe, e aqueles outros de orixe	26. PSB1.3.1. Identifica, caracteriza formalmente e localiza no mapa as xeoformas, a rede hidrográfica e as formacións vexetais recoñecibles nunha paisaxe.	27. CSC 28. CMCTT 29. CD

Paisaxe e Sustentabilidade. 1º/ 2º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
23. h	<ul style="list-style-type: none"> — Elementos estruturais e texturais. — Matriz biofísica: xeofomas, rede hidrográfica e cuberta vexetal. — Usos do solo, formas e elementos: mosaico agrario, rede de asentamentos e redes de mobilidade. — Paisaxe urbana. 	antrópica e as funcións que estes desenvolven.	30. PSB1.3.2. Identifica, caracteriza formalmente e localiza no mapa, segundo a paisaxe en que viva, o parcelario agrario, os tipos de asentamentos e a rede de mobilidade.	31. CSC 32. CMCTT 33. CD
34. b 35. f 36. g 37. h 38. m	<p>39. B1.4. Principios básicos da ecoloxía da paisaxe. Configuración espacial: matriz e teselas identificables nas paisaxes.</p> <ul style="list-style-type: none"> — As súas relacións espaciais e as súas funcións ecolóxicas. — Necesaria conectividade nas paisaxes. Papel dos corredores ecolóxicos. 	40. B1.4. Identificar e describir formalmente unidades homoxéneas na escena paisaxística e comprender algunhas das relacións espaciais e dinámicas ecolóxicas básicas que as explican.	<p>41. PSB1.4.1. Localiza nun mapa da súa zona de estudo as principais manchas-unidades presentes, caracterizaas e explica de xeito sinxelo a súa funcionalidade ecolóxica.</p> <p>44. PSB1.4.2. Identifica e caracteriza de xeito sinxelo os elementos naturais da paisaxe que cumpren a función de conectividade.</p>	42. CMCTT 43. CCL 45. CMCTT 46. CCL
47. b	50. B1.5. Diversidade de paisaxes no territorio galego. Tipoloxías segundo dominancia de	51. B1.5. Recoñecer os principais tipos de paisaxes: segundo os elementos dominantes, as	52. PSB1.5.1. Identifica a paisaxe natural, os seus elementos formais dominantes e as súas funcións.	53. CMCTT

Paisaxe e Sustentabilidade. 1º/ 2º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
48. f 49. ñ	<p>elementos e principais dinámicas (naturais e culturais).</p> <ul style="list-style-type: none"> — Espazos agroforestais. Espazos construídos: rede urbana e de comunicación . — Grandes áreas da paisaxe galega. — Principais tipos de paisaxes galegas. 	<p>dinámicas e a funcionalidade (naturais, urbanas e rurais).</p>	<p>54. PSB1.5.2. Identifica a paisaxe agraria e rural, os seus elementos formais dominantes e as súas funcións.</p> <p>56. PSB1.5.3. Identifica a paisaxe urbana e periurbana, os seus elementos formais e as súas funcións.</p>	<p>55. CMCTT</p> <p>57. CMCTT</p>
Bloque 2. A paisaxe como produto social. Dinámicas e cambios nas paisaxes. A súa evolución				
58. b 59. f 60. h 61. l 62. ñ	<p>63. B2.1. Paisaxe: produto social. Respostas culturais e tecnolóxicas da sociedade na súa relación co medio ao longo do tempo.</p>	<p>64. B2.1. Comprender que a paisaxe é o resultado dunha complexa interacción de factores naturais e humanos, actuando nun sistema espacial diferenciado.</p>	<p>65. PSB2.1.1. Describe de xeito básico algunha das relacións causais entre os elementos construídos, as formas de explotación ou de asentamento, e as condicións impostas polo medio.</p>	<p>66. CSC</p> <p>67. CMCTT</p> <p>68. CCL</p>
69. b 70. f 71. g 72. l 73. ñ	<p>74. B2.2. Continuidade e cambio nas paisaxes. As paisaxes actuais e as súas dinámicas. Pegadas de procesos pretéritos.</p>	<p>75. B2.2. Comprender que a paisaxe é cambio a calquera escala espacial e temporal á que se analice.</p>	<p>76. PSB2.2.1. Recoñece e valora os cambios a diversas escalas espazo-temporais nas paisaxes do seu contorno.</p>	<p>77. CAA</p> <p>78. CSC</p>
79. b 80. e 81. f 82. g 83. l 84. ñ	<p>85. B2.3. Procesos históricos que explican as nosas paisaxes.</p>	<p>86. B2.3. Identificar a evolución das paisaxes e as pegadas no presente de dinámicas pretéritas.</p>	<p>87. PSB2.3.1. Realiza procuras e pequenas investigacións en medios impresos e dixitais, referidas a procesos históricos ou acontecementos salientables na súa paisaxe próxima, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.</p>	<p>88. CAA</p> <p>89. CSC</p> <p>90. CD</p>

Paisaxe e Sustentabilidade. 1º/ 2º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
91. b 92. e 93. f 94. g 95. h 96. l	97. B2.4. Equilibrio ecolóxico, equidade social e eficiencia económica nas paisaxes. — Fraxilidade das paisaxes. Necesario respecto ao equilibrio ecolóxico. — Conflitos, impactos e ameazas sobre as paisaxes.	98. B2.4. Avaliar criticamente as accións do ser humano sobre a paisaxe e as súas consecuencias ambientais, identificando algúns destes problemas no contexto próximo.	99. PSB2.4.1. Utiliza tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade, resultado da procura, a análise e a selección de información relevante referida a conflitos e impactos paisaxísticos na súa zona próxima, e expón e defende estes traballos.	100. CAA 101. CSC 102. CD 103. CMCT
SEGUNDA AVALIACIÓN				
Bloque 3. O carácter das paisaxes. Os seus valores tanxibles e intanxibles				
104. b 105. e 106. f 107. g 108. l 109. ñ	110. B3.1. Cualificación das paisaxes. Valores que a sociedade lles outorga ás súas paisaxes. — Carácter das paisaxes: esencia dos lugares. — A paisaxe como construción colectiva.	111. B3.1. Comprender que todas as paisaxes posúen un carácter que as singulariza, froito das súas formas e da súa organización, así como dos valores intanxibles e materiais que cada cultura nun momento da súa historia lles outorga.	112. PSB3.1.1. Realiza procuras e pequenas investigacións en medios impresos e dixitais referidas aos valores da paisaxe próxima, e localiza páxinas e recursos na web directamente relacionados con eles.	113. CAA 114. CSC 115. CMCTT 116. CD
117. b 118. f 119. l 120. m	121. B3.2. Valores ecolóxicos. Paisaxes sustentables. Rede de espazos de interese natural recoñecidos no contorno.	122. B3.2. Comprender que a calidade da paisaxe é un indicador dos seus equilibrios ecolóxicos e sociais e desenvolver unha actitude responsable cara ás condicións ambientais das paisaxes.	123. PSB3.2.1. Sitúa nun mapa, caracteriza de xeito básico e valora a importancia dos espazos naturais próximos ao seu contorno.	124. CSC 125. CMCTT
126. b 127. e 128. f 129. l 130. ñ	131. B3.3. Valores históricos e patrimoniais das nosas paisaxes. Tipoloxías arquitectónicas propias das grandes áreas da paisaxe galega.	132. B3.3. Entender que a paisaxe é un recurso patrimonial, portador de valores que merecen ser preservados.	133. PSB3.3.1. Identifica e localiza nun mapa fitos, lugares de referencia ou conmemorativos nas paisaxes actuais que son herdanza do pasado.	134. CSC 135. CD

Paisaxe e Sustentabilidade. 1º/ 2º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
136. b 137. e 138. f 139. g 140. h 141. l 142. ñ 143. o	144. B3.4. Sinais de identidade das paisaxes galegas. — Toponimia. Nomes das paisaxes. — Manifestacións culturais vinculadas ás paisaxes: festas, lendas, e feiras e mercados. — Literatura e paisaxe.	145. B3.4. Recoñecer que as paisaxes contribúen intensamente na formación da nosa identidade individual e colectiva.	146. PSB3.4.1. Realiza unha pequena investigación e localiza nun mapa da súa paisaxe próximos topónimos ligados a feitos xeográficos ou ás actividades tradicionais, entre outras.	147. CAA 148. CSC 149. CCL 150. CD
151. b 152. f 153. g 154. l 155. m 156. ñ	157. B3.5. Actividades económicas baseadas nos valores culturais e naturais que singularizan o territorio. Fenómeno turístico. Paisaxes como principal activo.	158. B3.5. Considerar o valor económico das paisaxes, á vez que a súa fragilidade como recurso, xa que depende dun desenvolvemento sustentable.	159. PSB3.5.1. Realiza unha pequena investigación sobre a importancia económica das actividades turísticas baseadas nas paisaxes galegas.	160. CAA 161. CSC 162. CMCCT
TERCEIRA AVALIACIÓN				
Bloque 4. Paisaxe e calidade de vida. Un dereito da cidadanía				
163. b 164. f 165. g 166. m	167. B4.1. Paisaxe, saúde e calidade de vida. Influencia das paisaxes no benestar. — Paisaxe e hábitos saudables. — Benestar emocional e mellora da saúde nunha paisaxe de calidade.	168. B4.1. Entender que a paisaxe está relacionada co benestar e a calidade de vida.	169. PSB4.1.1. Coñece e valora as posibilidades que ofrece unha paisaxe de calidade para o benestar. 173. PSB4.1.2. Deseña un itinerario sinxelo na súa paisaxe que percorre espazos propicios para o desenvolvemento de actividades físicas e de lecer.	170. CAA 171. CSC 172. CMCCT
174. b	179. B4.2. Ordenación, xestión e protección das	180. B4.2. Comprender a necesidade da	181. PSB4.2.1. Realiza unha pequena investigación e	182. CAA

Paisaxe e Sustentabilidade. 1º/ 2º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
175. f 176. l 177. m 178. ñ	paisaxes galegas. Convenio Europeo da Paisaxe.	ordenación e da xestión das paisaxes para a súa salvagarda, e formular actuacións sinxelas, encamiñadas á conservación da paisaxe.	suxire algunha actuación que mellore ou resolva algún impacto na súa paisaxe máis próxima.	183. CSC 184. CAA
185. a 186. b 187. f 188. g 189. h	190. B4.3. Participación social na xestión das paisaxes. Exercicio dun dereito. A paisaxe como ben común.	191. B4.3. Comprender que a paisaxe é un dereito da cidadanía e que require da nosa participación activa.	192. PSB4.3.1. Argumenta nun debate o seu punto de vista respecto a cuestións relacionadas coa calidade e a conservación da súa paisaxe cotiá.	193. CAA 194. CSC 195. CCL

Grao mínimo de consecución: para todos os estándares será dun 50%.

Peso na cualificación: Partindo dun 100%, esta porcentaxe se repartirá proporcionalmente entre os estándares de aprendizaxe de cada bloque, de tal xeito que en total sumen 100.

Instrumentos (ver apartado correspondente) :Para todas as unidades será 70% traballos, 10% proba escritas, 20% actitude, participación, control diario dos traballos. Estas porcentaxes poderían modificarse o longo do curso si o profesor o considera conveniente, e incluso a nivel individual si a actitude do alumno ou do grupo e a falta de traballo así o require .

Este currículo, na súa abordaxe transdisciplinar, incide dun modo especial nos apartados transversais definidos ao longo da etapa e para todas as materias: o desenvolvemento sustentable e o medio, a educación cívica e constitucional, as TIC e a comunicación audiovisual.

3-. METODOLOXÍA:

O currículo da área de Ciencias sociais para a etapa da ESO pretende lograr unha comprensión por parte dos alumnos da realidade na súa compoñentes histórica, económica, social, cultural, etc. Na selección de contidos e obxectivos establécese que ensinar e que aprender, agora trátase de dar unha orientación de como ensinar e aprender, como acadar os obxectivos marcados.

- Potenciar unha aprendizaxe significativa: relacionando os novos contidos con aprendizaxes anteriores e coas propias experiencias dos alumnos; fomentando a autonomía dos alumnos e preparándoos para identificaren problemas, suxeriren solucións e afrontaren a análise de novas situacións a partir dos coñecementos adquiridos.
- Favorecer a construción do coñecemento por parte do alumno: integrando os distintos tipos de contidos (conceptuais, procedimentais e actitudinais); seleccionando actividades e estratexias adecuadas ó nivel dos alumnos. As actividades deben ser variadas para que permitan unha conexión da aprendizaxe na escola coa vida favorecendo, na medida do posible, a aprendizaxe por descubrimento, a formulación de hipóteses; promovendo unha reflexión crítica por parte do alumno e unha formación en actitudes e valores.
- Combinar unha metodoloxía expositiva e unha metodoloxía indagatoria. O emprego de estratexias expositivas parece máis adecuado para a aprendizaxe de certos contidos conceptuais mentres que as estratexias indagatorias son as máis apropiadas para tratar algúns contidos procedimentais, colocando ós alumnos ante problemas e buscando que actúen cunhas técnicas e procedementos concretos para a súa resolución. Se pretendemos presentar dunha forma integrada os contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais ambas estratexias deben estar tamén integradas: a utilización de estratexias indagatorias permite adquirir o dominio sobre certos procedementos e chegar tamén a adquirir certos contidos conceptuais ou reforzar os adquiridos; a exposición, oral ou escrita de certos coñecementos xa elaborados é, en ocasións, punto de partida imprescindible para a aprendizaxe de procedementos e valores.
- A indagación das ideas previas do alumno sobre o tema que se vai a tratar é fundamental. Antes de comezar cada unidade é importante facer unha exploración das ideas previas que o alumno teña sobre os contidos que se van a abordar e da súa actitude e motivación cara a estes contidos. Isto pode permitir orientar mellor o traballo do profesor e plantear os contidos, as veces en formas de pregunta, que se van a abordar na unidade.
- Nesta etapa parécenos importante prestar especial atención ó traballo sobre conceptos e procedementos fundamentais nas ciencias sociais. Tanto mediante a exposición, oral ou escrita como a través das actividades se prestará atención a estes conceptos e procedementos. Tentamos dedicar especial atención en cada unidade a algún procedemento (localización en mapas, tratamento e elabora-

ción de información a partir dun texto, obtención de información de fontes variadas sobre un mesmo tema, interpretación de imaxes, obtención de información a través de mapas, elaboración de mapas conceptuais, etc) relacionado cos seguintes aspectos:

- A percepción do espazo e a localización espacial. É evidente que non se poden formular os fenómenos xeográficos e históricos desligados do espazo. Os alumnos deben comprender que os feitos se localizan no espazo e que se poden representar en mapas. A localización de feitos e situacións en soporte cartográfico é unha fonte insustituible para a comprensión da xeografía e a historia. Por iso a presentación dos contidos debe ir acompañada de información cartográfica e de actividades que permita a súa comprensión e interpretación.
- As relacións da causalidade nos feitos históricos e xeográficos. O establecemento de relacións multicausais, características da explicación histórica é un dos problemas máis importantes na ensinanza das ciencias sociais. Os obxectivos da etapa buscan a progresiva comprensión, da interrelación de feitos políticos, económicos, sociais, culturais, etc. A explicación causal debe estar presente tanto na exposición dos contidos como nos procedementos e actividades que se desenvolver. Actividades que busquen o establecemento de causas no desenvolvemento dos contidos conceptuais (*¿Por que...?, ¿Cal foi a orixe..., etc?*), pequenas investigacións, realización de mapas conceptuais parecen actividades adecuadas para comprender as relacións causais nos feitos históricos e xeográficos.
- A utilización de diferentes fontes de información (textos, imaxes, mapas, etc). Non hai dúbida sobre a importancia da utilización de fontes escritas na aprendizaxe da historia ou a xeografía, que por suposto estarán presentes en todas as unidades. Pero consideramos tamén fundamentais a utilización doutro tipo de fontes de acordo cos obxectivos da etapa. As imaxes (fotografías, debuxos, reconstrucións) no so aclaran a información textual senón que aportan elas mesmas información e permiten presentala de xeito atractivo e motivador para os alumnos. Aprender a obter información das imaxes é un dos obxectivos da etapa e do ciclo.
- Combinar actividades individuais e colectivas. Estas deben ser variadas buscando tanto a adquisición e consolidación de contidos conceptuais como procedimentais e actitudinais. As actividades axudan a fixar, comprender, comparar, organizar ideas, utilizar procedementos, etc. Estas actividades buscan ademais o dominio de certas técnicas de traballo non exclusivas das ciencias sociais como poden ser: a lectura comprensiva, esquemas e resumos, técnicas de manexo de información de diferentes fontes, etc. O **caderno de clase**, onde se realizarán a meirande parte destas actividades debe ser así o instrumento fundamental de traballo do alumno, o tempo que se vai converter nun instrumento básico de avaliación.
- A realización de visitas e itinerarios a lugares de interese xeográfico e histórico é outro recurso útil e moitas veces motivador. Estes itinerarios deben estar correc-

tamente deseñados e integrados nunha unidade. As visitas comprenden unha preparación previa na aula e a realización dunha serie de actividades despois do itinerario que permitan relacionar o visto e traballado durante o mesmo co traballo cotiá na aula.

- A realización de pequenos proxectos de investigación. Cumpren unha función educativa importante xa que habitúan os alumnos a afrontar e resolver determinados problemas con relativa autonomía e formular por si mesmos preguntas, adquirir experiencia na busca de información, etc. Estes proxectos deben buscar temas atractivos para o alumno, a ser posible próximos ó seu entorno habitual e realizados, preferentemente en equipo.
- Utilización de materiais variados. Aínda que utilizamos como texto base o libro isto non supón non utilizar outros materiais como películas, cintas, textos, prensa, materiais de elaboración propia e por suposto todos os recursos que as novas tecnoloxía poñen a disposición do alumnado

3.1-. TRATAMENTO DE FOMENTO DAS TIC

O recurso as novas tecnoloxías terá unha presenza constante no que a recursos didácticos se refire coa utilización do canón para proxectar material de apoio . Así mesmo sempre que se considere oportuno estarán presentes cando se trate de buscar, obter e seleccionar información do ámbito, de fontes escritas, iconográficas e audiovisuais.

Dende o curso 2010-2011 este centro participa no Proxecto Abalar, e polo tanto os cursos de 1º ESO utilizarán o portatil nas aulas. Así o uso das TIC será algo habitual ó longo do curso. Para incorporar as TIC na aula poderanse utilizar unha serie de recursos **integrados** cos contidos e actividades de Ciencias Sociais, que complementan e amplían.

<p><i>Busca de información</i></p>	<p>Utilización de bibliotecas, xa sexan físicas ou virtuais; uso de Internet: busca guiada de información mediante buscadores e consulta de enderezos web específicos; utilización de dicionarios, tradutores dixitais e enciclopedias virtuais; consulta de diarios e revistas en formato dixital...</p>
<p><i>Selección de información</i></p>	<p>Exposición ao alumno/a de cales son os criterios de selección de información: que páxinas web son</p>

	as máis adecuadas e fiables, como se debe ordenar a información obtida...
<i>Tratamento da información e produción de textos</i>	Proposta de redacción de traballos e de textos de carácter propio, relacionados cos distintos aspectos da materia, mediante procesadores de texto, e o uso de correctores ortográficos para a revisión final.
<i>Cazas do tesouro</i>	Proposta de busca de información por medio da web. Formulación dunha serie de preguntas e unha gran pregunta (actividade máis elaborada). Para respondelas, o alumno/a debe buscar información por Internet nas páxinas webs indicadas ou noutras.
<i>Animacións</i>	Explicación de contidos de índole moi diversa (conceptos, procedementos...) por medio de imaxes animadas e textos.
<i>Actividades interactivas</i>	O alumno/a responde seleccionando a opción adecuada, clasificando elementos de diferentes grupos ou situándoos na súa posición correcta... Ao finalizar, o programa informa dos acertos e erros, e dáse a oportunidade de corrixilos (aplicables no encerado dixital Interactivo).
<i>Presentacións</i>	Traballos multimedia, presentacións creativas de textos, esquemas, realización de diapositivas...
<i>Proxectos</i>	<p>Proposta de:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Unha busca de información mediante a web. Formulación dunha serie de actividades de investigación orientadas a un produto final. Para realizalas, o alumno/a debe buscar información por Internet nas páxinas webs indicadas (<i>aprendizaxe por investigación</i>). • Utilización de procesadores de texto para re-

	<p>dactar, organizar, almacenar, imprimir e presentar documentos diversos, aproveitando todas as súas ferramentas: tipos de formato, inserción de imaxes e gráficos, correctores ortográficos e gramaticais...</p> <ul style="list-style-type: none"> • Uso de programas que lle permiten ao alumno/a realizar exposicións e presentacións (Power Point, ou similares), como traballos multimedia, presentacións creativas de textos, esquemas, ou realización de diapositivas, facilitando a creatividade e a interactividade do alumno/a.
--	--

4. AVALIACIÓN

4.1 PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- **Probas escritas.**

Nas probas escritas poderá presentarse ao alumnado:

- Textos e mapas históricos para analizar e comentar.
- Imaxes que proporcionan información de carácter histórico e artístico relacionadas con aspectos tratados na unidade.
- Feitos e conceptos para relacionar correctamente.
- Termos para ser definidos.
- Preguntas que o alumnado debe contestar a partir da información obtida na aula e nos materiais (libro, presentacións etc)

Na valoración das probas escritas ademais dos contidos terase en conta tamén

- Corrección, coherencia e adecuación da expresión escrita ós contidos que se pretenden explicar.
- Orde, limpeza e estrutura dos traballos presentado.
- Ortografía correcta

- **Observación sistemática** do traballo do alumno na aula (traballo en equipo, intervencións en clase, participación, actitude cos compañeiros, debates, etc). Tera-se especialmente en conta as intervencións do alumnado na aula atendendo a:

- Nivel e calidade das intervencións.
- Mensaxe estruturado.

- Comportamento.
 - Esfuerzo.
 - Interese.
- **Análise das producións dos alumnos:** pequenas investigacións, tarefas, traballos en equipo, etc. Consideramos que o **caderno de clase** e o instrumento básico de traballo do alumno e polo tanto un bo instrumento de avaliación.. Na valoración dos traballos dos alumnos valorarase:
 - Corrección, coherencia e adecuación da expresión escrita ós contidos que se pretenden explicar.
 - Orde, limpeza e estrutura dos traballos presentado.
 - Utilización de esquemas.
 - Revisión do traballo antes de dalo por finalizado.
 - Creatividade.
 - Uso adecuado e guiado do ordenador e dalgunha ferramenta telemática.
 - Uso adecuado dos manuais de consulta (enciclopedia, dicionario...) e de Internet. Utilización de Internet, de forma responsable e coa axuda, para buscar información sinxela ou resolver unha actividade.
 - Correcta selección, interpretación e síntese da información.
 - **Entrevista** individual e probas orais.

4..2 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A nota da avaliación calcularase como segue :

A) PROBAS ESCRITAS (20%): Realizaranse varias probas escritas que se valoraran sobre 2 puntos, a media delas será a nota deste apartado.

B) TRABALLO. (60%) A este apartado corresponde o 60% da nota (6 puntos). Neste apartado valórase a correcta realización das tarefas na casa, as lecturas, as exposicións orais, o traballo na aula, a actitude e o comportamento.

C) ACTITUDE , PARTICIPACIÓN, CONTROL DIARIO DAS TAREFAS E TRABALLOS (20%)

D) Traballos voluntarios: O alumnos poderán obter **ata un máximo de 1 punto** mediante a realización de traballos voluntarios relacionados : lecturas comentadas de libros, visionados de películas, exposicións orais sobre algún aspecto do temario, etc. A puntuación deste apartado sumarase a obtida nos dous anteriores

Para aprobar a avaliación terá que obterse unha puntuación entre os tres primeiros apartados igual ou superior a 5 puntos

Estas porcentaxes poderían modificarse o longo do curso si o profesor o considera conveniente, e incluso a nivel individual si a actitude do alumno ou do grupo e a falta de traballo así o require

A nota final será a media das tres avaliacións tendo en conta que:

- Cando todas as avaliacións teñan unha nota igual ou superior a 5 a materia estará superada e a nota final será media das tres avaliacións
- Cunha avaliación suspensa cunha nota non inferior a 4 e unha media das tres avaliacións igual ou superior a 5 a materia considérase aprobada
- En caso de ter unha avaliación suspensa cunha nota inferior a 4 a materia está suspensa
- En caso de ter dúas ou máis avaliacións suspensas a materia estará suspensa e a nota final será inferior a 5

En setembro realizarase unha proba escrita .Ademais de dita proba poderán esixirse para aprobar a realización de actividades complementarias que se entregarán o día do exame.

4.3 ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO

a-. Recuperación durante o curso

Ademais dos exames xa indicados poderanse facer probas escritas de **recuperación** ó longo do curso co fin de facilitar o aproveitamento dos alumnos con maiores dificultades.

Os alumnos deberán repetir aquelas probas escritas cunha puntuación inferior a 4 e presentar tamén aqueles traballos obrigatorios non presentados ou valorados negativamente no seu momento.

c-. Probas extraordinarias

En setembro realizarase unha proba escrita. Ademais de dita proba poderase esixir aos alumnos para aprobar a realización dunha serie de tarefas para a preparación do exame que se entregarán o día da proba..

4.4 OUTRAS AVALIACIÓNS

4.4.1 SISTEMA PARA A ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS

- Cuestionario nos primeiros días de clase con preguntas e actividades sobre contidos básicos da materia
- Incentivar a participación nos primeiros días de clase para observar as intervencións dos alumnos sobre cuestións planteadas polo profesor ou polos textos.

4.4.2 . PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

Ao finalizar o curso en xuño, o departamento elaborará unha memoria final onde se recollerán os seguintes puntos en relación a esta materia:

- Porcentaxe do cumprimento da programación.
- Xustificacións da parte da programación non impartida.
- Modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica.
- Motivos das modificacións feitas.
- Propostas de melloras para a programación didáctica do próximo curso.
- Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores

4.5- INFORMACIÓN O ALUMNADO

- O profesor responsable da materia informará en cada curso dos aspectos máis destacados desta programación especialmente dos que atinxen a criterios de avaliación, procedementos de avaliación, criterios de cualificación, actividades complementarias e actividades de recuperación e reforzo.
- De igual xeito darase a maior publicidade posible a estes apartados a través da páxina web do centro e/ou do blog do profesor
- A programación completa publicárase na páxina WEB do centro para que toda a comunidade educativa poida acceder a súa consulta.

5. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

En xeral , neste centro, en aplicación da LOMCE e como resposta os diferentes problemas que se van detectando, a atención á diversidade basease na aplicación de medidas ordinarias de reforzo educativo compaxinando as saídas fora da aula e a actividade nesta. O mesmo ocorre no caso de rapaces con adaptacións curriculares. O profesor proporcionará actividades de reforzo ou de ampliación segundo as necesidades do alumno/a.

- Reforzo: materiais diversos con actividades para traballar a aprendizaxe dos contidos mínimos do curso e facilitar ao alumno/a que o requira a adquisición das competencias básicas.
- Ampliación: materiais diversos con actividades de maior dificultade , tratamento doutros contidos relacionados cos do ciclo...

6. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As que constan no PXA

- Visita a Lugo, museo arqueolóxico e muralla.- 2º ou terceiro trimestre

O longo do curso poderían organizarse outras actividades

7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS:

Neste curso incorporámonos ó proxecto E-dixgal, utilizaranse os materiais que aparecen na aplicación e os elaborados polo COAG dentro do “ Proxecto Terra”

O profesor poderá proporcionar outro material complementario cando o considere oportuno, así como esixir a lectura de algún libro relacionado cos contidos impartidos ou incorporar á clase calquera recurso didáctico que considere conveniente.

- Recursos dixitais (actividades interactivas, blog de aula, animacións, cazas do tesouro, *webquest*...)
- Blogs
- Dicionarios e outras obras de consulta.
- Ordenador e conexión a Internet.
- Material funxible.
- Guías didácticas do profesorado

8. PLAN LECTOR e fomento da expresión oral e escrita

No curso 2008-2009, aprobouse neste centro o Plan lector. Tendo en conta que integran tódalas intervencións do centro para o fomento da lectura, da escritura e das habilidades informáticas, tódalas actividades encamiñadas a obter a competencia en comunicación lingüística, tratamento da información e a competencia dixital, competencia cultural e artística e a competencia e a competencia para aprender a aprender realizadas dende esta materia pasarían a formar parte de dito Plan. Poderíamos citar tódalas actividades de comprensión lectora que se recollen en cada tema para realizar trala lectura e explicación deste á procura do uso dun vocabulario específico da área e da asimilación dos contidos fundamentais desta, a lectura de todo tipo de textos en calquera tipo de soporte, o uso de Internet para determinadas buscas así como da biblioteca escolar.

Lectura:

- Lectura de textos continuos: narrativos, descriptivos, instrutivos, argumentativos, expositivos, con actividades de prelectura, durante lectura e poslectura (anticipar, predecir, inferir a partir do título do texto, do recurso dixital, das imaxes ...).
- Lectura comprensiva de fontes escritas históricas e xeográficas, tanto primarias como secundarias.
- Lectura doutros tipos de documento: formulario, anuncio, gráfica, mapa...
- Textos en soporte dixital (Internet e aplicacións informáticas, lectura en pantalla).
- Lectura en alto.
- Utilización do diccionario como instrumento de localización do vocabulario descoñecido.

Expresión:

- Composicións e escritos de tipoloxía diversa seguindo unhas pautas e prestando atención á presentación e á ortografía.
- Participación oral en actividades grupais e preparación de debates, coloquios, faladoiros...
- Expresión oral e escrita en razoamentos, actividades e traballos individuais, actividades en grupo...
- Exposición oral das aprendizaxes, utilizando un vocabulario preciso, acompañada ou non de imaxes.
- Expresión escrita en soporte papel e en pantalla.

Os alumnos deben realizar unha lectura obrigatoria á longo do curso, que acompañada da realización dun traballo sobre o libro será valorada cun máximo dun punto na avaliación correspondente.

Nesta idea de fomento da lectura ademais da lectura obrigatoria presentárase ó alumnado unha selección de libros de lectura voluntaria que serán valorados na nota do alumno.

9. DATOS DO DEPARTAMENTO

Materia	Curso	Grupos	Profesor/a
Xeografía e Historia	1º ESO	A, B	Mª José Fernández
Xeografía e Historia	2º ESO	A,B	Fernando Ulla
Ámbito Sociolingüístico PMAR	3º ESO		Mª José Oreiro
Paisaxe e sustentabilidade	2º ESO	A,B	Mª José Fernández
Xeografía e Historia	4º ESO	A,B	Mª José Oreiro
Historia Contemporánea	1º BAC		Fernando Ulla
Historia de España	2º BAC		Fernando Ulla
Xeografía de España	2º BAC		Mª José Oreiro
Historia da Arte	2º BAC		Mª José Fernández